

FORO A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 2 | Edición nº 19 | 2ª quincena de Xuño de 2019 | PRECIO 2 EUROS

Programa do Corpus 2019

Páxinas IV e V

Susana Lamela pregoeira do Corpus

Páxina V

Premios dos IV Xogos Florais

Páxina VI

Galería de fotos dos portais

Páxinas VII a IX

Entrevista a Hortensia Bautista



Páxina X e XI

Xosé Represas investido alcalde

Páxina XII

Brais Pino Campión do mundo de billar

Páxina XIV

Adxudicadas as obras do Alto da Gloria

Páxina XV



JJ COPAS PONTEAREAS

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

OPINIÓN

Por Antón Vidal Andión

Pascuillas

Este luns celébrase no Santuario da Nosa Señora da Franqueira a romaría de “As Pascuillas”. Segundo D. Antonio Fraguas, persoeiro ó que se lle adica este ano o día das Letras, a romaría das Pascuillas é das máis importantes de Galicia, así nos di: “As manifestacións formularias dun protocolo de cantos e saúdos danlle unha color tan característica que fan da Franqueira quizais no seu conxunto a romaría máis típica de Galicia”, (Romarías e Santuarios de Galicia, 1988)

As manifestacións ás que se refería, aínda hoxe as podemos percibir: a poxa da aguillada dos bois, as ofrendas, o relatorio dos milagres realizados pola Nosa Señora, o acompañamento na procesión das Santas Veciñas. Danlle a romaría ese tipismo do que el falaba.

Don. Antonio ocupouse da Virxe da Franqueira. No texto, titulado o San-

tuario da Franqueira, que foi editado por primeira vez en 1993, nos Contos do Castromil, e reeditado, este ano, como homenaxe, polo Concello da Cañiza; Santuario da Franqueira; Secretaría Xeral de Política Lingüística e Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

Así como a Ramón Cabanillas lle debemos o relato do romance do mouro e do cristián, que todos os anos se repite diante da Virxe da Franqueira, e 28 cantigas para ser cantadas durante o camiño, publicadas no número de xuño de 1926 de A Nosa Terra co título “Romance de Nosa Señora da Franqueira”. A Fraguas débémolle a descrición das coplas que relatan as necesidades e inquedanzas dos romeiros, as grazas que recibiron da Virxe, os rezos durante o camiño e a xuntanza de todas as Virxes da veciñanza, no seu saúdo á Virxe da Franqueira, a loanza dos seus milagres e os cantos

de grazas de todos os congregados.

Todas estas cantigas son populares e coinciden coas de Cabanillas, penso que moitas delas pérdense nas noites dos tempos, pois Fraguas no libro que estamos a comentar O Santuario da Franqueira, remátao coa seguinte aseveración.

O conxunto da Franqueira foi relato de Antonia Pérez Estraviz veciña de Mondariz moitos anos e logo veciña de Insuela, na nosa casa

De ser certo o que don Antonio relata, e sabendo que Antonia Estraviz era analfabeta, as coplas son todas elas de fasquía popular.

As cantigas son composicións sinxelas para acompañar a camiñada coas Virxes e gabalas a todas elas, pero tamén ten un compoñente de rezo, pedimento e agradecemento polos favores recibidos. Escolmamos agora exemplos destes xeitos de rezar.

Un claro exemplo da relación das santiñas, padroeiras das parroquias veciñas, que van a saudar con reverencia a Virxe da Franqueira.

*A Virxe de Lourdes
vai para a Franqueira,
visitar a Santa, súa compañeira.*

Outro mostra de Virxe veciña é esta cuarteta.

*El Señor nos leva
ben acompañados
coa Virxe que chega
dende Mouriscados.*

Exemplo claro de compoñente de rezo, de oración de pedimento, son as seguintes estrofas.

*Bendice o arado,
o legón e o pico,
o san e o tolleito
o pobre e o rico.
Bendice as suores
do santo traballo,
as pingas da choiva
e as pingas do orballo.*

Remata a serie de pregarias, cunha intercesión á Raíña do Ceo pedindo a vida eterna para todos os romeiros.

*Raíña do ceo,
fermosa e garrida,
na hora da morte
dános nova vida.*

Para cando “O Soberoso”?

Por Guillermo Rodríguez

Cada ano polas Festas do Corpus o Concello de Ponteareas edita un PREGÓN no que persoas de diferentes extractos sociais escriben algo que consideran de interese para os lectores.

En principio este PREGÓN DO CORPUS estaba pensado para divulgar a propia Festa do Corpus e todo o relacionado coa mesma, sen embargo co paso dos anos a cousa foi evolucionando e hoxe podemos ler no mesmo temas dos máis

variados asuntos.

Existía, (nestes momentos está aparcada) outra publicación chamada O SOBEROSO destinada a tratar temas máis amplos en plan divulgativo e formativo. Aquí podemos ler temas históricos sobre as raíces do Condado, temas sobre personaxes literarios ou políticos de certo interese; podemos atoparnos con artigos sobre arqueoloxía, sobre os orixes castrexas destas terras, etc. Pero nos últimos anos esta revista deixouse de editar; non

sabemos ben por qué; tal vez problemas económicos ou tal vez por desidia ou falta de interese dos chamados a decidir a súa publicación.

Son varios os pertencentes ao “cadro de colaboradores” do actual PREGÓN que pían porque se volte a publicar O SOBEROSO. Consideran que alí os artigos poden acadar una extensión suficiente para que o tema sexa debidamente comprendido, cousa que non ocorre no PREGÓN no que non se permite pasar dun certo



numero de caracteres sempre escasos.

Tal vez o novo goberno escoite as voces dos que claman pola revista citada e nos próximos anos poidamos disfrutar dunha nova edición


do SOBEROSO.

Cada publicación ten o seu espazo. A festa do Corpus en si, coa súa longa historia fornece material suficiente para non ter que tratar temas propios doutro tipo de publicacións.



O TEU BAR DO MOTOR!

Avda. Castelao, 11.
PONTEAREAS



CORPUS
CHRISTI

22

E 23

XUÑO

2019

PONTEAREAS

PONTEAREAS
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

galicia
o bo camiño

riasbaixas
a ribeira do río de Deus

ABANCA

XUNTA
DE GALICIA

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

XOVES 13

20:30 h Salón de Plenos

Presentación Revista Pregón**DOMINGO 16**

13:00 h Salón de Plenos

Lectura do pregón a cargo de Susana Lamela**Actuación musical de Ensemble de solistas****Orquestra de Cámara Galega****LUNS 17**

20:00 h

Música polos portais alfombristas

22:00 h Diante do Auditorio Municipal

Concerto a cargo do grupo da Asociación**Cultural San Salvador de Padróns****MARTES 18**

20:00 h

Música polos portais alfombristas

22:00 h Diante do Concello

Concerto a cargo de A.C. Tremiñado**MÉRCORES 19**

20:00 h

Música polos portais alfombristas

22:00 h Praza Bugallal

Concerto a cargo do Grupo da A.C. Naiama**XOVES 20**

20:00 h

Música polos portais alfombristas

22:00 h Urbanización Ponteareas cidade

Concerto a cargo do Grupo Tradicional da**Casa Cultural de Areas****VENRES 21**

20:00 h

Música polos portais alfombristas

22:00 h Praza Maior

Concerto a cargo de Xurxo Souto e Voces de Arrieiro**SÁBADO 22**

A partir das 16:00 h

Elaboración das tradicionais alfombras florais

A partir das 16:30 h

Emisión en directo do programa "Aquí Galicia" da TVG

A partir das 20:00 h Paseo Matutino

Apertura do Punto de Información "AGRESIÓN OFF"

20:30 h Auditorio Municipal

Festival Sadeo.**Actuación de A.C. Sadeo, A.C. A Mámoa de Luou (Teo)****e o Grupo Folclórico Las Nogaleas de Aldeanueva de la Vera (Cáceres)**

21:00 h Salón de Plenos

Recepción de autoridades e percorrido polos portais alfombristas**SÁBADO 22**

A partir das 22:30 h

Actuacións musicais na rúa

23:30 h Praza de Abastos

Apertura das exposicións "Corpus en flor" e "Artesanía e Torno"**DOMINGO 23**

10:30 h Casa do Concello

Recepción de autoridades**Concerto da Banda de Música Xuvenil de Xinzo**

18:30 h

Animación a cargo de "Treboada do Baixo Miño" e "The Turre's Band"

19:30 h Rúas do centro urbano

Desfile de carrozas e batalla de flores**acompañada pola "Treboada do Baixo Miño" e "The Turre's Band"**

A partir das 20:00 h Paseo Matutino

Apertura do Punto de Información "AGRESIÓN OFF"

21:30 h Praza Bugallal

Actuación da orquestra TRÉBOL

22:30 h Praza Maior

Actuación Orquestra Folk SONDESEU

Praza Bugallal (Fin de festa)

Orquestra TRÉBOL**LUNS 24**

12:00 h a 21:00 Rúa de Braña

Animación infantil "Tobogan Acuático"

17:00 h Entorno da Praza Bugallal

Animación infantil na rúa

20:00 h Monumento ao Alfombrista

Ofrenda floral In memoriam aos alfombristas

20:30 h Auditorio Municipal

Acto entrega de medallas do Corpus Christi

21:30 h Praza Maior

Orquestra CAPITOL

23:00 h Praza Bugallal

Actuación de UXÍA

Praza Maior (Fin de festa)

Orquestra CAPITOL**EXPOSICIÓNS****Auditorio Municipal (do 31/05 - 24/06)****"Auga. O sangue da terra"**

De luns a venres 18:00 a 21:00 h

Sábados e Domingos 11:00 a 14:00 h

Sábado 22 a partir das 19:00 h ata a madrugada

Domingo 23 10:00 a 23:00 h

Luns 24 de 18:00 a 22:00 h

Praza de Abastos**Exposición "Corpus en Flor e Meninas"****e "Artesanía e Torno" Constante Gonzalez**

Sábado 22 de 23:30 h ata a madrugada

Domingo 23 de 10:00 h a 23:00 h

Luns 24 de 18:00 h a 22:00 h


ACTOS RELIXIOSOS

SÁBADO 22
20:00 h
Santa Misa de Vésperas do Corpus Christi

DOMINGO 23
08:30 h
Santa Misa
10:00 h
Santa Misa (TVG)
11:30 h
Santa Misa Solemne cantada, pola coral Centro Artístico Sportivo
12:30 h
Procesión do Corpus Christi acompañada, da Banda de Música Xuvenil de Xinzo
20:00 h
Santa Misa

LUNS 24
18:00 h
Santa Misa por todos os Alfombristas falecidos

DO LUNS 24 A DOMINGO 1
19:00 h
Octava do Corpus Christi
20:00 h
Exposición Solemne e Adoración do Santísimo
20:00 h
Santa Misa de Octava


ACTIVIDADES DEPORTIVAS

ENTRE O 2 E O 22 DE XUÑO
Todo o día
XXV Trofeo Vila do Corpus
Organiza: AD Vila do Corpus
Campo de Fútbol de Angoares

SÁBADO 22 DE XUÑO
10:30 h Hora de saída
III Challenge Rías Baixas
Organiza: Master da Louriña
A Avisoureira (Guláns)
16:30 h Pavillón Álvaro Pino
Festival de Verán CPA Luar
Organiza: CPA Luar

DO 20 AO 30 DE XUÑO
De 9:30 h a 22:00 h
X Open de Tenis "Vila do Corpus"
Organiza Club de tenis de Ponteareas
Pistas de Tenis de A Freixa

A escritora e psicopedagoga ponteareá Susana Lamela, pregoeira do CORPUS 2019



Mestra e psicopedagoga que exerce no CEIP Nosa Señora dos Remedios de Ponteareas, Susana Lamela aposta pola ensinanza de excelencia e pola introdución na aula das metodoloxías activas, o uso de dispositivos móbiles e da robótica. Froito deste labor ten recibido varios recoñecementos. Ademais do seu labor como mestra imparte cursos a outros docentes en colaboración co CFR de Vigo e o CAFI de Compostela.

Extractos do Pregón do Corpus de Ponteareas 2019 de Susana Lamela:

Homero, no seu poema Odisea, describe a Penélope, raíña de Ítaca, coma unha muller valente que mentres esperaba a que Ulises volvесе da guerra, desfacía de noite o que tecía de día. Na nosa vila, ao contrario ca ela, afanámonos toda a noite en tecer con flores as distintas rúas para desfacelas co transcorrer das horas.

Para min, como ponteareá esta festa das flores é unha explosión de sensacións.

No percorrido das alfombras, destaca o cheiro do fiúncho. En canto percibo o seu olor, lémbrome de cando a miña nai quería facer castañas cocidas...

...Eu nacín na aldea. Alí xogábase coas cousas que atopábase ao noso redor...

... aos nosos avós lles ensinaron a botar patacas, a coidar da viña, a sementar o millo, ... Eles fixeron os mesmo coa súa descendencia, e chegado

o noso momento, as familias o que decidiron foi, mandarnos estudar.

...grazas a iso temos un bo presente, e agardo que un mellor futuro, pero o campo quedou orfo e as veigas perderon os seus aloumiños. Como dicía Rosalía de Castro: "Galicia tes campos de soidade". E tería razón.

...Antes escoitabamos o que nos tiñan que contar as persoas maiores, porque tiñan tempo para explicar cousas da vida. Os saberes transmitíanse duns a outros...

...É por iso, que me gustaría agradecerlle ás persoas alfombristas, pero sobre todo, ás mulleres que dedican o seu valioso tempo, apartando para outro momento os recados, os quefaceres, o traballo, o descanso e o lecer para manter viva unha festa coma a do Corpus.

Podedes ollalas, tarde tras tarde, desfollando flores que ocupan centos de caixas. Falan entre elas, aconséllanse, deciden xuntas. Porque a base dunha sociedade é iso, a comunicación entre as persoas. Na súa definición non hai cabida para o individualismo...

...Como mestra, son moi consciente da importancia desta transmisión de coñecementos e, sobre todo, de valores, que a sociedade non pode deixar só nas mans da escola...

...As familias e as institucións teñen que facer todo o posible porque as nosas mozas e os nosos mozos crezan sans emocionalmente, con educación e cunha gran bagaxe de coñecementos para que poidan ter o mellor futuro.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

As Meninas realizadas polos centros educativos e colectivos ponteareáns recadarán fondos para apoiar ás mulleres con cancro de mama

A concellería de Ensino do concello de Ponteareas agradece a todos os centros de ensino e colectivos que participaron na realización das 32 Meninas que serán patrocinadas por empresarios, particulares, asociacións e comercios que de xeito solidario queren aportar un gran de area na loita contra o cancro de mama.

Nesta nova edición das Meninas os fondos recadados destinaránse ao proxecto "Perrucas e panos solidarios" da Asociación Cancro de Mama (ASCAM) Pilar Domingo que axudarán ás mulleres que menos recursos teñan a costear as perrucas e panos oncolóxicos



así como a micropigmentación das zonas que a sanidade pública non cubre.

Os centros participantes volveron facer despliegue da súa creatividade con deseños de

marcado contido social nos que aproveitar o lenzo das Meninas para reclamar a igualdade de xénero, a necesidade da reciclaxe, a inclusión social ou a loita contra o acoso es-

colar, entre outras mensaxes e demandas.

Por iniciativa da concelleira de Ensino, dirixida en funcións por Cristina Fernández, un ano máis procedeuse á recollida das 32 Meninas que dende a semana comezaron a lucir nos establecementos ponteareáns.

Cristina Fernández destaca a actitude solidaria dos patrocinadores que axudan ao financiamento de melloras para as mulleres que padecen esta enfermidade e que non oferta a seguridade social. "O meu fondo agradecemento a todos os sectores do ensino que colaboraron: dirección dos centros educativos, profesorado, ANPAS, FANPO e alumnado así

como aqueles establecementos comerciais e hostaleiros que acollen as Meninas provisionalmente antes do Corpus e que agora agardan atopar propietarios solidarios que as patrocinen.

ASCAM Pilar Domingo é unha organización sen ánimo de lucro, fundada en Ponteareas no ano 2017. Os seus obxectivos son o apoio emocional e psicolóxico, promover a soliedariedade entre as mulleres afectadas, fomentar o desenvolvemento persoal, ofrecer información sobre a enfermidade e concienciar sobre a importancia da detección precoz así como contribuír a mellorar a calidade de vida das mulleres.

A cuarta edición dos Xogos Florais xa ten premiados

O xurado dos IV Xogos Florais composto por Susana Lamela, Marta Dacosta, Delio García e Manrique Fernández Vázquez, Hortensia Bautista e Sofía Rodríguez entregaron os premios dos Xogos Florais.

Dos 52 traballos recibidos resultaron premiados os seguintes:

Categoría infantil:

"O medio natural" presentado baixo o pseudónimo de AYDARA, de Nahir Martínez Alfonso.

"Palabras invisibles" presentado baixo o pseudónimo de ROSE, de Sabela Martínez Vietez.

"Seguir sen ti" presentado baixo o pseudónimo de VALENTINA, de Lidia Martínez Pérez.

Categoría Xuvenil:

"Non é que estabas de broma?" presentado baixo o pseudónimo DAWN de Lucía Souto Pousa

"Mediocridade" presentado baixo o pseudónimo Quixota Xuvenil de Jennifer Abal Da Silva

"Cantiga do século XXI" presentado baixo o pseudónimo Vento do Norte de Roberto Tato Lage

Categoría Adulto:

"Pendurados de tres guillotinas de



madeira de oliveira" presentado baixo o pseudónimo Naba de Moncho Iglesias Miguez

"Días de Pólvera" presentado baixo o pseudónimo Violeta Castro, de Fátima Domínguez Silva.

"As mans dos nosos maiores" pre-

sentado baixo o pseudónimo Largueiro, de Ángel Herrero Alonso

A concelleira de Cultura, Turismo e Normalización Lingüística adiantou que os traballos gañadores se publicarán nunha edición conxunta cos gañadores desta III edición dos Xogos Florais.

**CAFETERÍA
O PEYO**

Desayunos - Bocadillos - Hamburguesas - Pizzas
Fútbol en pantalla gigante

986 660 368

Praza Maior, 8

Ponteareas

La Giralda
peluquerías
contigo desde siempre

CENTRO DE PELUQUERÍA Y BELLEZA


C/ Castañal, 14 Bajo - PONTEAREAS

☎ 986 660 477 - 660 860 645

peluquerialagiralda@hotmail.com

www.peluquerialagiralda.com

Síguenos en





Portal Praza Bugallal

OS PORTAIS EN FOTOS CORPUS 2019



Portal Reveriano Soutullo 1



Portal Reveriano Soutullo 2



Portal Alfombristas de Arcos



Portal Fonte do Baratillo

**A CASA
DA TRICA**
a túa casa desde 1927



Cervexas
Embutidos
Tostas
Ensaladas
Hamburguesas
Vegano
Conservas...

Praza Maior
PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

*Portal Constitución 1**Portal Constitución 2**Portal da Escola de Arte**Portal Fernández de la Vega**Portal Rúa de Oriente 1**Portal Rúa de Oriente 2**Portal Rúa de Oriente 3**Portal Rúa de Oriente 4*

PONTEAREAS



Portal Praza Maior



Portal Praza Maior



Portal Praza Maior



Portal Castiñeira



Portal Cantón Boa Vista



Portal Rúa de Oriente 4



Portal Rúa dos Ferreiros- San Roque



Portal San Roque 1º tramo

ENTREVISTA

Por Guillermo Rodríguez

Hortensia Bautista, ex-concelleira de Cultura

“Agora tomareime un descanso, ocupareime da miña familia, amizades e aficións”

Profesora de EXB especialista en Lingua e Literatura Castelá, Galega e Francesa pola USC. Licenciada en Socioloxía e Ciencias Políticas pola UNED.

Mestra de Primaria en diferentes centros escolares de Salvaterra e Ponteareas. Delegada sindical da CiG ensino. Cofundadora da Asociación Bagaña da Remelisca e actriz afeizoada.

Simpatizante primeiro e militante do BNG

desde o ano 1995. Participante nas Candidaturas do BNG os anos 1995, 1999, 2003, 2011 e 2015. Membro das executivas local e Comarcal do BNG en diferentes momentos.

Concelleira da Corporación Municipal de Ponteareas do 2011-2015 na oposición, e no período 2015- 2019 no Goberno tripartito como Portavoz Municipal do BNG e Concelleira de Cultura e Lecer, Turismo e Normalización Lingüística.



Por que deu o salto á política de goberno despois de tantos anos militando nas bases?

Fundamentalmente como un acto de compromiso en momentos complicados para a política local e co obxectivo de demostrar outro xeito de facer política despois de tempos de hexemonía e reiterados gobernos da dereita. Consente de que se abría un novo período no que a sociedade ponteareá medrara e demandaba outro xeito de gobernar e outras prácticas diferentes ás que nos tiñan habituados desde a institución municipal.

Dunha escola, ao Departamento de Cultura e Turismo e Normalización Lingüística do concello a responsable dunha oferta cultural aceptable. Foi difícil enfrontarse a esa responsabilidade?

Sen dúbida. Chegamos a fa-

cernos cargo dunha Concellería onde ademais de falta de recursos materiais pola intervención económica do Concello por parte do Estado, tamén existía falta de organigrama do persoal nos diferentes Departamentos por carecer de RPT e falta de cadros especializados en cada área ou departamento. A isto hai que engadir a necesidade de mudar a inercia dunha programación cultural estática reducida a determinadas festividades do ano para pasar a unha actividade cultural preestablecida continuada e variada cunha previsión e difusión trimestral durante todo o ano.

Pasouse de ter unhas instalacións municipais infrautilizadas e reducidas a uns poucos eventos a telas permanentemente con actividades durante todo o ano ben da propia Concellería ben organizadas polo conxunto do goberno ou por

asociacións e colectivos. Á programación non se reduciu unicamente ao casco urbano, senón que se mantuvo unha estreita colaboración cos centros e casas culturais que foi medrando a medida das posibilidades económicas e dese xeito garantir actuacións en todas as parroquias de xeito continuado.

Isto conlevou un movemento de recursos materiais, económicos e humanos que supuxo un gran esforzo de coordinación e administración por parte da Concellería.

Dentro do equipo de goberno tivo carta branca para levar adiante o programa trazado ou puxéronlle trabas alguna vez? Dispuxo dos cartos precisos para os custes da programación ou tivo que depender dalguén antes de comprometerse co gasto? É dicir, dispuxo de delegación de función no seu departa-

mento?

Si, con matices. As propostas culturais a miúdo eran debatidas dentro do grupo municipal en primeiro lugar, máis tamén no grupo de goberno ou no pleno da Corporación. En xeral tuven un amplo campo para decidir, e puideron realizar aquelas que me permitiu a dispoñibilidade orzamentaria. Algunha que outra vez, cando non había consenso, prevalecía o criterio do presidente da corporación aínda que eu non compartise ao cen por cen.

Sinalar que inicialmente foi moi difícil programar debido por un lado á falta de recursos pola intervención económica do Concello, e sobre todo a que houbo que vencer a reticencia de moitas empresas para contratar co Concello calquera

evento ou actividade cultural polo retraso ou mesmo impago dos gobernos anteriores. Vencer esa reticencia levou tempo. Moitas veces era preciso negociar e mesmo regatear cos prezos, pero a día de hoxe podemos afirmar que se revertiu esa situación e calquera empresa ten ao Concello de Ponteareas como referente de seriedade e rigor no pagamento.

Ademais engadir que se atendeu anualmente ás subvencións directas ás casas e centros culturais segundo criterios obxectivos e tamén se colaborou coas diferentes asociacións e colectivos para contribuir ao financiamento das súas programacións propias.

A xente preguntase por que Vde. que non o fixo mal na súa parcela non aparece na

que + ver
626 217 895
FOTÓGRAFO EMILIO RODRÍGUEZ
PRODUCCIÓN DE VÍDEO - ALQUILER EQUIPOS DE SONIDO
C/ Braña, 5 - baixo 2
PONTEAREAS

Mera y Ulloa
Arquitectura
Urbanismo
Peritos judiciales
Rúa Amado Garra, 16 b. Ponteareas

PONTEAREAS

candidatura deste ano? Quen foi o responsable de confeccionala? Acaso alguén que non a vía demasiada ben?

A pregunta podería ter múltiples respostas:

En primeiro lugar son das convencidas de que aos políticos e aos cueiros hai que mudalos a miúdo. Ademais aclarar que entrei en política por cuestións ideolóxicas sen pretensión de medre persoal, político nin económico. Por outra banda hai que ter en conta que cando entramos no goberno hai catro anos, as circunstancias eran complicadas tanto para o meu partido como para a política municipal e naquel momento as que formamos a candidatura eramos conscientes da necesidade de implicarmonos a fondo. As circunstancias afortunadamente mudaron e nestes catro anos conseguimos facer que Ponteareas sexa un concello saneado e normalizado.

Á súa pregunta sobre quen foi o responsable de confeccionar a lista non a podo responder porque descoñezo a resposta. **Que lle gustaría ter feito e que non puido por falta de orzamento ou de tempo?**

Moitas cousas. Destacaría en primeiro lugar que lamento que traballadores que se entregaron dunha maneira total coas actividades e eventos desenvolvidos dende a Concellería de Cultura non se viran xustamente compensados no salario por cuestións burocráticas que non alcanzo a comprender.

Tampouco deu tempo á recuperar e poñer en valor o Camping da Freixa, pendente

de permisos administrativos, ou acometer as reformas das Casas culturais de Ribadetea, Areas, Arnoso, Cristiñade, Moreira, Guillade e a construción da de Padróns todas elas orzamentadas.

A penuria orzamentaria tampouco permitiu dotarse dunha oficina de Turismo con persoal permanente con capacidade de deseñar e levar a cabo estratexias encamiñadas a aumentar o volume de turistas e visitantes

Tampouco se pudo disgregar o Museo e a Biblioteca para ampliar a capacidade de cada un deles e dotalos cos equipamentos e recursos necesarios.

Crear un gran espazo Cultural en Ponteareas que actúe como dinamizador da cultura no seu conxunto tal como se deseñou no plan estratéxico da EDUSI.

Potenciar as nosas festas tradicionais, e poñer a Ponteareas como referente dos concertos de música de todo tipo, rock, tradicional- celta e clásica entre outros eventos e actividades.

Que proxectos entende quedan pendentes para o Departamento de Cultura e Turismo deste concello?

Ademais dos anteriores, que nesta nova lexislatura se levarán á cabo, queda pendente a declaración de BIC para o Corpus, presentada en marzo do 2018 e que inexplicablemente dende a Xunta non se dignaron aínda responder.

Poñer en valor o pasado da nosa comarca coa celebración de festas e eventos que nos den a coñecer o noso pasado: Cerco a dona Urraca no castelo



do Sobroso no 1117 polo valor simbólico, pois foi a primeira raíña de Europa e que loitou polos seus dereitos; Revolucións irmandiñas entre outras

Potenciar os nosos recursos como as construcións histórico etnográficas e xacementos arqueolóxico fundamentalmente o castro e Troña con convenios de colaboracións coa Facultade de Arqueoloxía e outras administracións para continuar co estudo e recuperación dos mesmos.

Crear un gran festival de bandas de música durante varios días, unha festa histórica onde recrear momentos cruciais da historia do noso concello como pode ser o século XV cando se lle concedeu a Feira ou a época da Revolución industrial.

Potenciar o Camping e a Freixa como espazo de actuación turística e pernocta.

Celebrar unha festa de exaltación da rosquilla, melindres e poufeiras potenciando o seu consumo. En suma que a cultura se una aos recursos existentes no conxunto do termo municipal para converter Ponteareas nun referente cultural en toda Galiza e norte de Portugal atraendo

visitantes ao longo de todo o ano, desestacionalizando as datas concretas do Corpus ou Festas dos Remedios.

Que consellos pensa darlle ao seu substituto?

Coa nova Corporación, entendo que será máis dunha persoa as que dirixan as diferentes áreas que levaba eu. Aos que me substitúan aconsellaríalles perseverancia, firmeza e unha boa dose de paciencia para seguir adiante sen desesperar e superar as dificultades, imprevistos ou atrancos propios dunha administración burocratizada.

Que vai facer agora leberada da "carga" de gobernar cultura e turismo do concello?

De inmediato tomareime un descanso para ocuparme das miñas aficións, da miña familia e amizades. Máis adiante xa se verá (risas)

Máis quixera manifestar que as tarefas de goberno nunca supuxeron unha carga, en boa medida porque contei coa colaboración das compañeiras e compañeiros de goberno e da dedicación e profesionalidade da gran maioría do personal dos departamentos da miña

Concellería. O balance foi sen dúbida positivo e aínda que moitas veces tes que oír que estás en política porque che pagan, quero aclarar que no meu caso non percibín ningunha asignacións por dedicación as tarefas de xestión das miñas áreas. O saldo ingresado na miña conta institucional despois destes catro anos ascende a pouco máis de 15.000€ por asistencias a plenos, comisións, xuntas de goberno e gastos derivados por desprazamentos.

Pode engadir calquera cuestión que non fora preguntada e que entende que se debería incluír nesta entrevista.

Quero agradecer persoalmente a todas cantas persoas nos deron o apoio no 2015 pola confianza que me permitiu adicar estes catro anos a xestionar as actividades da Concellería de Cultura Turismo e Normalización Lingüística do Concello de Ponteareas. Agradecerlle ao grupo humano que traballou conmigo a súa dedicación e profesionalidade porque é indudable que gran parte do conseguido é mérito seu. Desexar moitos éxitos ao novo goberno que sen dúbida realizará a mellor xestión que nunca antes hubo en Ponteareas. Lograrán a transformación deste Concello.

E para rematar engadir que teño o firme convencemento que por escasos que sexan os recursos económicos dunha administración, se non se rouba nin se despilfarra, sempre acaban por chegar e mesmo sobrar.

Otero
Peluqueros

Santa Ana, n.º 27
Ponteareas
Caballeros: 986 661 020
Señoras: 986 660 444

Berminelli

Complementos Artículos de ceremonia y fiesta
Tallas de 34 a 58 Buscanos en facebook: berminelli

Rúa Oriente, 11
Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Redacción



Xosé Represas, investido novamente alcalde de Ponteareas

Xosé Represas Giráldez foi investido o sábado día 15 como alcalde de Ponteareas con maioría absoluta apoiado polos tres votos do PsdeG-PSOE.

Xosé Represas recibiu o bastón de mando de Miguel Bouzó en representación da mesa de idade.

O alcalde Represas destacou na súa intervención a fonda gratitude a todos

e todas os que o apoiaron, en especial a súa familia, e a súa disposición a gobernar en colaboración coa Corporación sempre na procura do consenso e do ben xeral para Ponteareas. Tamén sa-

lientou a responsabilidade e xenerosidade do partido socialista de Galicia e de Chus Garrote para conformar xunto co BNG un goberno estable e unha ampla maioría para un goberno estable.

Un mundo cheo de aventuras e aprendizaxe na ludoteca municipal

A ludoteca municipal, dependente da concellería de Benestar Social, Igualdade e Mocidade que dirixe en funcións Verónica Carrera, vai abrir o prazo para inscribirse nas actividades do verán.

Todas as familias interesadas deberán realizar a inscrición o 25 e o 26 de xuño de 9:30 a 14:00 horas ou de 16:00 a 20:00 horas nas instalacións da ludoteca ubicadas na avenida Castela n°23, local 1.

Na ludoteca poderán inscribirse nenos e nenas ou mozos e mozas de entre 6 a 16 anos de idade.

Saídas medioambientais, obradoiros de tatuaxes de henna, defensa persoal, xogos de educación ambiental, cooperativos-predeportivos, itinerarios de interpretación práctica, cociña e repostería, manualidades, xincanas... e un longo etc de actividades coas que a ludoteca propón pasar o verán de xeito divertido e tamén didáctico.

O prezo por mes é de 14,64 euros por cada inscrito.

Verónica Carrera adianta que a ludoteca municipal é un servizo de apoio ás familias para unha mellor conciliación familiar e laboral.

As plantas do viveiro do cámping da Freixa embelecen as rotondas



O alumnado do módulo de xardinería do obradoiro de emprego plantou nas rotondas da entrada ao centro urbano as plantas que eles mesmos cultivaron no viveiro ubicado na cámping da Freixa.

Portulacas, petunias ou salvias, entre outras plantas, embelecen dende hoxe a nosa vila grazas ao bo traballo do alumnos e traballadores do obradoiro social de emprego.

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)

T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

Redacción

Ponteareas participa na reunión do ERASMUS+ en Dublín

A concelleira en funcións de Ensino, Cristina Fernández, e as docentes Manuela Rodríguez do IES Barral, de Teresa Rodríguez do IES Val do Tea e de Beatriz Meijide do IES Pedra da Auga asistiron á reunión transnacional enmarcada no programa europeo ERASMUS + KA2 que se celebrou en Tuam (Galway-Irlanda). Con este encontro poñen fin a un proxecto no que máis de seiscientos estudantes achegáronse a lingua galega e ao gaélico para revalorizalas e afondar nas dúas culturas.

En Dublín a concelleira e as profesoras reuníronse coñeceron as novas instalacións do IES Archbishop McHale da vila de Tuam, condado de Galway e reuníronse ademais, coa coordinadora do proxecto Deirdre Foley, tamén con Miguel Losada para estudar futuras colaboracións e co asesor de educación da embaixada de España, Adolfo Carbón, o sábado.

Na súa viaxe aproveitaron para buscar contactos de centros que teñan como lingua estranxeira o castelán e poder así emprender proxectos conxuntos.

Cristina Fernández destaca a experiencia adquirida e as vivencias do compartido no intercambio entre as familias de Galway e as de Ponteareas.



“Continuar apoiando proxectos nos que se colabore con centros de diferentes países está entre as miñas prioridades porque son positivos tanto para o alumnado como para o profesorado e no caso dos intercambios, mesmo para as familias sendo sempre unha boa fonte de aprendizaxe práctico”, explica a concelleira.

Todo este traballo está recollido en leccións que se poden consultar nunha app creada no marco do mesmo proxecto dispoñible cun código QR <https://sites.google.com/view/ir-galyogote/home>

Ademais, o alumnado escribiu un libro que será editado nas vindeiras semanas, unha ficción que tamén será teatralizada e grabada en vídeo e que presentarán no decorrer da vindeira edición da Feira do Libro de Ponteareas.

Dous mil usuarios beneficianse das melloras da piscina municipal

Nas últimas semanas, o goberno de Ponteareas actualizou os equipamentos da piscina municipal e instalou unha nova climatizadora que reduce a condensación e mantén a temperatura axeitada tanto dentro como fóra da auga.

Para garantir un servizo óptimo e pechar as instalacións o menor tempo posible, a empresa adxudicataria instalou a nova climatizadora próxima ao emprazamento da anterior acurtando así os tempos de obra e instalación.



O importe total desta obra, que saíu a licitación por 146.255,51€, pechouse en 109.603,01€ conseguindo un aforro de 36.652,2€. Esta nova obra está financiada con fondos do Plan Concellos 2018/2019 e fondos dun préstamo sen intereses.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas



Infórmate de todas las ventajas del Plan MÁS Protección

SegurCaixa Adeslas

Rúa Senén Canido, 5 . PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

Redacción

O nome de Ponteareas chega a Valencia da man de Delio Rodríguez

Familiares, amigos e compañeiros do ciclista Delio Rodríguez pedalearon igual de veloces que él para conmemorar o 25 aniversario do seu pasamento nunha proba ciclista que nos transportou ao pasado recreando unha das vitorias do ciclista ponteareán.

O concello de Ponteareas acolleu a presentación da marcha ciclista Madrid-Valencia nunha soa etapa de 350 quilómetros de percorrido. Os participantes saíron de Arganda del Rey para chegar a Cheste nunha etapa de máis de quince horas.

Esta proba recrea o gran premio CIFESA que se organizou durante catro anos consecutivos, sendo Delio Rodríguez o gañador de tres edicións.

Os ciclistas vestiron maillots dos anos 30 para simular as fazañas dos ciclistas que competían en probas maratonianas.

O gran premio CIFESA unía Madrid e Valencia pola antiga N-III sendo nova do noticiario da época, o popular NO-DO, sendo Delio Rodríguez o eterno protagonista das tres primeiras edicións. Gañador da volta España no ano 1945 ten aínda dous récords vixentes: 39 eta-

pas gañadas na Volta e España e o maior tempo de distancia entre o primeiro e o segundo.

Na presentación estiveron a súa filla Marga Rodríguez, o seu neto Delio Rodríguez, o seu xenro Daniel Meléndez, representantes do Club Ciclista Ponteareas, membros do Corporación municipal e o tamén gañador da volta España e ponteareán, Álvaro Pino que destacaba a importancia de recordar figuras tan significativas na memoria de todos os ciclistas de Ponteareas.

O alcalde, Xosé Represas, felicitou aos organizadores por



A familia xunto ao goberno, organizador, membros da Corporación, club ciclista Ponteareas e o tamén gañador da Volta España, Álvaro Pino.

esta iniciativa que trae ao presente figuras e persoeiros que forman parte das señas de identidade de Ponteareas.

O CDL acollerá un novo curso de monitor de fútbol base

O Centro de Desenvolvemento Local (CDL) do concello de Ponteareas acollerá a partir do día 25 de xuño o curso federativo de monitor de fútbol base.

Por terceira vez Ponteareas será a sede deste curso que na anterior edición cubriu todas as prazas quedando interesados en lista de espera.

O alcalde, Xosé Represas, o Concelleiro de Deportes en funcións, Benito Márquez; o coordinador dos cursos en Baixo Miño e Condado da Federación Galega de Fútbol, José Luis Mosquera e o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol, Fernando Iglesias Figueroa presentaron este novo curso do que se poderán beneficiar cincuenta alumnos e alumnas.

O obxectivo é completar a formación de monitor de fútbol base mediante as ensinanzas conducentes á obtención do Diploma Federativo. Ten por finalidade proporcionar aos alumnos a adquisición dos coñecementos necesarios que lle permitan desenvolver a súa labor, mediante competencia técnica e profesional nas competicións organizadas pola Federación Galega, con profesionais



que actuaron no ámbito do fútbol, empregando os medios materiais e humanos dos que dispón a Federación Galega de Fútbol.

Mosquera explicou que “insisten no aspecto pedagóxico para ensinalos a que sexan conscientes de que os cativos/as pasan por etapas. É fundamental detectar en que etapa están para axeitar o xeito de ensinar ao momento polo que pasan. Os pequenos precisan contacto co balón e requiren un traballo individual para logo poder xogar en equipo.

Ao remate, os participantes obterán un diploma federativo de “Monitor de Fútbol Base”. Información no teléfono 670 72 17 90 e na páxina web da federación no apartado adestradores na pestaña “escola”

<http://www.futgal.es/pnfg/NPortada?CodPortada=1000266>

Brais Pino proclámase en Las Vegas campión do mundo de billar

O concelleiro de Deportes en funcións, Benito Márquez, en nome do goberno felicita ao xogador do Club de billar Sportivo, Brais Pino que conseguiu o primeiro posto por equipos no Campionato do Mundo amateur que se celebrou en Las Vegas nas pasadas semanas e no que competiron un total de 350 equipos.

O ponteareán, que representaba a España tamén conseguiu o nomeamento “All Stars” polo seu bo rendemento nas dúas semanas de duración do campionato.

Neste mundial o xogador de Ponteareas acadou en individual bola 9 o noveno posto e en bola 8 o décimo terceiro posto.

Brais traballa en VENTANA HOGAR, empresa de Ponteareas que patrocina ao campión.



VENTANA HOGAR

ALUMINIO · PVC · MADERA

986 64 41 12 - 636 28 61 08

Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS
ventanahogar@gmail.com

Adxudicadas as obras de mellora integral do Alto da Gloria-Fontenla por máis de 190.000€

O goberno de Ponteareas informa que ven de adxudicarse por 197.821,05 (ive incluído) as obras de mellora do Alto da Gloria-Fontenla, conseguindo un aforro de 57.656,24€ respecto ao prezo de licitación.

As obras de mellora, que comezarán pasadas as festas do CORPUS, contemplan a implantación dunha rede de sanea-

mento de augas residuais en tres tramos principais, o primeiro ao longo da estrada EP-4001-Guillade, un colector secundario que accede ao interior de Fontenla e outro que se estende pola estrada do alto da Gloria no cemiterio.

O proxecto complétase cunha senda na marxe oeste da estrada do cemiterio habilitando un espazo seguro para

os peóns dende o camposanto ata a beirarrúa existente na EP-4001 conectando as dúas estradas que dan ao núcleo urbano Guillade-Fontenla.

Co obxectivo de conseguir espazos seguros para o peón completando itinerarios actualmente empregados pola veciñanza e intentando a súa coexistencia co tráfico rodado o goberno inicia as obras de me-



llora deste espazo de importante afluencia veciñal no que existen diferentes elementos de alto valor patrimonial. Ademais, prosigue no aumento da rede municipal de saneamento nunha zona na que non existía. As

obras tamén contemplan a recollida de augas residuais.

A senda peonil que irá na marxe oeste terá dous metros de ancho e un pavimento que a diferencia da zona de tránsito de vehículos.

Presentación da novela de Diego Giraldez

O escritor porriñés Diego Giraldez presentou no ciclo «Venres D_letras», organizado pola Concellaría de Cultura, a súa primeira novela, «Hotel para coleccionistas discretos», unha reflexión delirante e divertida sobre as altas esferas de poder, na que nos presenta a un grupo de auténticos psicópatas que xogan con nós, e que empregan o coleccionismo de banalidades como coartada dos seus enredos.

Diego Giralde é licenciado en Historia da Arte e deuse a coñecer co libro de relatos «Galería de saldos», co que acadou o recoñecemento uná-



nime de crítica e público, convertíndose nun dos escritores de referencia do panorama galego actual.

«Venres D_letras» presenta cada segundo venres de mes un libro no salón de plenos do Concello de Ponteareas.

Aberta a inscrición para o curso de creación de empresas

A concelleira en funcións de Benestar Social, Igualdade e Mocidade, Verónica Carrera, informa que xa está aberto o prazo para inscribirse no obradoiro para a creación de empresas enmarcado no “V plan de igualdade local de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Ponteareas”.

O prazo de inscrición remata o 26 de xuño e a duración do curso será de seis

horas repartidos en dous días, o 27 de xuño de 10 a 13 horas e o 5 de xullo de 10 a 13 horas, ámbolos dous días será na sala de usos múltiples do auditorio municipal.

Dentro deste mesmo plan, a consellería organizou tamén un obradoiro para adquirir habilidades sociais na procura de emprego, que se desenvolve en dúas xornadas, o 19 e o 27 de xuño, no centro municipal AS-PRODICO.



**GASOLINERA GEDAS 24h: TIENDA CONVENIENCIA . BUTANO/PROPANO,
PELLETS,CARBON Y LEÑA . LAVADO DE COCHES (TUNEL, BOXES Y ASPIRADO)
APARCAMIENTO CLIENTES**



TALLER SALCO (9h-13:30h/15h-19h) :

NEUMATICOS . ALINEACION . MANTENIMIENTO



CAFETERIA LA PARADA 24h

- DESAYUNOS
- MENU DE DIA
- CENAS
- BOCADILLOS Y PLATOS COMBINADOS
- COMIDA Y POSTRES PARA LLEVAR
- TERRAZA
- PARQUE INFANTIL
- APARCAMIENTO CLIENTES